

INVENTARIO DO PROHIBIDO

Letra: Sonia Lebedynski. Adaptación do poemario de Luz Campello “Inventario do prohibido”

Música: Sonia Lebedynski / Sergio Tannus

Arranxos: Sérgio Tannus / Sonia Lebedynski

NESTA HORA SON A LÚA CHEIA

O ASTRO QUE DECORRE

NA PENUMBRA DAS LETRAS.

NESTA HORA SON A LÚA ENTEIRA

SON A LÚA ENCHENTA

NA VAGA DAS ESTRELAS.

NON ME CONVERTO SERN SABELO

NO QUE TODOS ESPERAN,

VEÑO E RENEGO DAS OBRIGAS

DESÁRMANME ENTEIRA.

NESTA HORA SON A LÚA MEIGA

NON SON DERRADEIRA,

SON LETRA PRIMEIRA.

NESTA HORA SON ALÚA NOVA

DO ESTABLECIDO

EU SON DESERTORA.

NON ME CONVERTO SEN SABELO

NO QUE TODOS ESPERAN,

VEÑO E RENEGO DAS OBRIGAS

DESÁRMANME ENTEIRA.

SON PORTADORA DAS PALABRAS
DOS CANTOS QUE DEVALAN,
PROCURO NA SONORIDADE
SALVARME VERTEBRADA.

ESCRIBÍA,
NO TEU PASAPORTE AMIGA
PARA QUE DESAPAREZA
A CALIGRAFÍA PERFECTA.
VAI NAS PEDRAS
NO REVERSO DOS FONEMAS
NO INVENTARIO DO PROHIBIDO
APROPIEIME DE MIN MESMA.

SON DESERTORA DAS PALABRAS
DOS CANTOS QUE NOS DEVALAN,
PROCURO NA SONORIDADE
SALVARME VERTEBRADA.

SON DESERTORA DAS PALABRAS
DOS CANTOS QUE NOS DEVALAN.

ESCRIBÍA,
NO TEU PASAPORTE AMIGA
PARA QUE DESAPAREZA
A CALIGRAFÍA PERFECTA.
VAI NAS PEDRAS
NO REVERSO DOS FONEMAS
NO INVENTARIO DO PROHIBIDO
APROPIEIME DE MIN MESMA.